



Resolución de aprobación das listas definitivas de adxudicatarios e de espera de vivendas vacantes de promoción pública en primeira adxudicación no concello de CHANTADA

VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : 2 vacantes	EXPTE.: LU2007/XEST-03. CASCO HISTÓRICO	
LOCALIZACIÓN: PRAZA DE ESPAÑA,17 E R/ DOUS DE MAIO	CONCELLO: CHANTADA	PROVINCIA: LUGO

Unha vez rematado o trámite de reclamacións á lista provisional de adxudicatarios e de espera , aprobada por resolución de data 22 de febreiro de 2018, tendo en conta o procedemento establecido no Decreto 1/2010 polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada con data 27 de febreiro de 2019

RESOLVE

1. Aprobar as listas definitivas de adxudicatarios e de espera ao abeiro do establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010.
2. Publicar ditas listas na páxina web do Instituto Galego de Vivenda e Solo e nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial de Lugo e no Concello.

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderá presentar un recurso potestativo de reposición ante a xefatura territorial do Instituto Galego de Vivenda e Solo, por delegación da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta notificación, de conformidade co previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben poderá ser recorrida directamente ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, consonte co establecido no artigo 46 de Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No suposto de que o interesado sexa unha administración pública, no lugar do recurso de reposición poderá dirixir ao órgano competente, no prazo de dous meses, o requirimento previo previsto no artigo 44 da LXCA.

Lugo, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión Provincial de Vivenda
Margarita López Blanco

(
Asinado electronicamente).





VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA : 2	EXPTE.: LU2007/XEST-03. Vixencia lista 31-12-2019	
LOCALIZACIÓN: PRAZA DE ESPAÑA. BARRIO HISTÓRICO	CONCELLO: CHANTADA	PROVINCIA: LUGO

ANEXO: LISTADO DE ADXUDICATARIOS E LISTA DE ESPERA DEFINITIVA

Cupo: Xeral

Nº vivendas sorteadas neste cupo 2

Lista de Adxudicatarios definitivos

Credencial: 86187 – ANTONIO LÓPEZ RAMOS

Credencial: 79972 – BEATRIZ PAJARO VIDES

Lista de espera definitiva

Credencial: 83786-- ALBA MIRAS VARELA

Credencial: 85869-- MANUEL FAUSTINO SANCHEZ SOMOANO

Excluídos:

Credencial: 77916-- DANIEL ARIAS LENCE (13)

Credencial: 73500-- PEDRO GARCÍA OLIVERO (12)

Motivos de exclusión:

- 1- A modificación sobrevenida das circunstancias persoais que provoquen unha imposibilidade real de acceder a vivenda ou a inadecuación da vivenda as novas circunstancias da unidade familiar ou de convivencia.*
- 2- Cando quede debidamente acreditado a imposibilidade de conseguir o financiamento das entidades de crédito para o pagamento da vivenda.*
- 3- A superficie insuficiente da vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique. A tal efecto superficie insuficiente a sinalada no artigo 47.b da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.*
- 4- Que en base a circunstancias persoais ou familiares se determine que a vivenda que, como resultado do número de orde de elección, se lle adxudique, é inadecuada por causa de mobilidade de conformidade co establecido no artigo 47.c da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.*
- 5- Resultar propietario dunha vivenda*
- 6- Desistimento, non entregar a documentación requerida.*
- 7- Renuncia voluntaria.*
- 8- Os ingresos ponderados (2017) non acadan 0,7 veces o IPREM*
- 9- Os ingresos ponderados (2017) superan 2,5 veces o IPREM*
- 10. Algún dos membros da unidade convivencial incumpre obrigas*
- 11. Non está empadroadado no concello onde radican as vivendas*
- 12. Baixa no Rexistro Demandantes.*
- 13. Resultou adxudicatario dunha vivenda de promoción pública*

Esta publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

